



CIRCULAR DE FIN DE CURSO

Benqueridas familias:

Este venres día **19 de xuño**, remata o curso 2019-2020, polo tanto queremos informar do seguinte:

- mesmo día 19, poderán consultar as notas finais a través da aplicación Abalar Móbil.
- As posibles reclamacións ás cualificacións outorgadas, poderán efectuarse ata o xoves 25 de xuño, inclusive.
- Os pais e nais que desexen falar co profesorado poderán facelo o luns 22 de xuño, de 10:00 a 12:00 horas. Despois deste día, só se recibirán visitas que estean xustificadas e con cita previa.
- As familias do alumnado de 6º deberán recoller o Historial Académico do seu fillo/a, asinando o recibín correspondente. **A entrega será realizada polas titoras nas aulas o día 29 de xuño, de 10:00 a 14:00 horas.**
- A listaxe de libros de texto para o vindeiro curso, poderán consultala na cristaleira do colexio ou na web do centro no seguinte enlace:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonsagra/?q=node/265>
- O prazo de entrega de solicitudes para a participación de fondo solidario de libros de texto (3º, 4º, 5º, e 6º de E. Primaria), axudas para adquirir libros de texto (1º e 2º E. Primaria) e material escolar (todo primaria) remata este **venres día 19 de xuño**. A vindeira semana, sairá na páxina web do centro, unha nota informativa sobre os prazos de publicación de listaxes de fondo libros, reclamación e entrega de vales e libros.
- O **curso 2020-2021** iniciarase o día **10 de setembro**, segundo se publica no portal educativo da Consellería <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/31298>

Seguiremos informando na páxina web do centro todas as informacións que puideran xurdir durante este tempo.

Ao rematar este curso, toda a comunidade educativa queremos facervos chegar o noso agradecemento pola vosa comprensión e colaboración, que facilitou a nosa relación cos vosos fillos e fillas durante este atípico período escolar.

Así mesmo, queremos enviar aos vosos nenos e nenas, todo o noso agarimo e os mellores desexos dun feliz verán.

A Coruña, 17 de xuño de 2020.

A DIRECCIÓN